

A posibilidad de chamarlle casa

1.^a edición, 1.^a impresión, 2024

Título orixinal: *La possibilitat de dir-ne casa*

© Marta Orriols, 2023

Esta edición negociada con SalmaiaLit, Axencia Literaria

Aira, 2024

© Follas Voadoras, SL

Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo

32660 Allariz

contacto@airaeditorial.gal

Entra en airaeditorial.gal e desfruta de todas as vantaxes
de te subscribires ao CLUB AIRA

Tradución do catalán: Isaac Xubín

Deseño da tapa: David Calviño

Imaxe da tapa: *Na terraza*, 1911, de John William Goodward

Impresión: Mundo

ISBN: 978-84-127695-9-3

DL: OU 55-2024

Esta obra recibiu unha subvención da
Consellaría de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades



A tradución desta obra contou coa axuda do
Institut Ramon Llull



Todos os dereitos reservados. Esta obra está protexida pola lei.

A POSIBILIDADE DE CHAMARLLE CASA

MARTA ORRIOLS

TRADUCIÓN DE
ISAAC XUBÍN



Para ti, Miquel.



Entendo por que pode ser politicamente irritante, pero tamén
sempre me pareceu un pouco romántico:
o romanticismo de permitir que unha experiencia individual
de desexo colla máis preeminencia ca unha categoría.

Os argonautas

MAGGIE NELSON

Por todo occidente circula a idea falsa de que o ser humano é
un ser illado que escolle un camiño e o percorre senlleiro. A
realidade é que sempre estamos nalgún lugar, e que este lugar
sempre está dentro de nós.

Lembranzas do futuro

SIRI HUSTVEDT

UN SIMPLE ESQUEMA

É de arxila. Datada no século VI a. C. Unha táboa babilónica que segundo din é o mapa máis antigo que se coñece. Trátase, tecnicamente, dun diagrama que combina un mapa central coa descrición de sete illas míticas no medio do océano que conectan a terra co ceo. Mentres agardo o voo de enlace fago tempo lendo un artigo sobre o xeito en que a arte representa cartografías que cuestionan as fronteiras e as procedencias xeográficas. A antigüidade da táboa faime pensar na necesidade ancestral de situármonos e na maneira en que, para atoparnos, desde sempre, colocamos as cousas nunha posición determinada considerando os puntos cardinais. Sabemos orientar terreos, debuxar planos, debullar rutas, facer carreiras campo a través, contra o reloxo e sen itinerarios preestablecidos. Obrigámonos, incluso, a pasar polos controis sinalados nun mapa. Temos a destreza, os instrumentos. Coñecemos os mecanismos e as medidas. Representamos diagramas, calculamos as distancias, minimizamos a marxe de erro. Dominamos a cartografía e, malia todo, en moitas ocasións, nas nosas vidas camiñamos dun lado para o outro, sen rumbo.

Eu nunca souben moi ben quen son, algo que en ningún momento me abocou á infelicidade. Tiña as miñas certezas, a miña intuición, o afán, a ledicia. Dalgunha maneira definíame o feito de non saberme. Nunca estiven segura do que agardar de min mesma e tampouco isto conseguíu inquietarme xamais. Até este momento nunca me faltaron as forzas para reporme nos momentos de pesimismo que, por sorte, foron poucos. Pero

nunca souben quen son. Estiven a buscarme durante toda a miña vida.

E cada vez que perdín todo aquilo que dalgún xeito me definía, volvía. Fágoo agora que sinto como o desasosego entretece as noites e os días. Volvo vacilante. Non o equiparo cunha nube negra e espesa, con ningún lugar escuro. Non é que me pese a vida. É máis impreciso ca todo iso: perdín o fío do camiño. Podería reducillo todo ao balbordo profesional que hai meses conseguiu apoderarse de min, que alterou cada decisión e trouxo consecuencias persoais que comezan a facerse evidentes mentres paso o control de seguridade deste aeroporto europeo. Podería, abofé, negalo, e atribuírle o meu retorno a ela ou a todo o que ela fixo cambalear. Se intento porlle un nome coñecido, como crise existencial, de identidade ou crise dos corenta, aínda se fai máis grande, máis parte de algo. Pero son eu quen me perdín dun xeito moi singular. Con todo, como pode atoparse de novo quen nunca soubo quen era?

Cómpre deixarlle a porta aberta a todo aquilo que é descoñecido, pero cando o inexplorado é unha mesma cómpre armarse con ferramentas moito máis precisas, unhas ferramentas que permitan trazar o mapa da xeografía máis íntima, a que delimita quen somos á marxe dos outros. Escribe a xornalista Leila Guerrero: «Óllase cara atrás con vertixe. Cara adiante con curiosidade. Nunca para as beiras. E séguese e séguese». Pero non ten en conta a posibilidade de quedar atrapada. O máis seguro é que os meus demanden respostas. Quedas aquí para sempre? Deixas o xornalismo de correspondencia? No caso de que pregunten, farano, direilles que os meus pais xa van vellos; non serei quen de estenderme e des-

barrar con todo iso da gana de botar raíces, da confusión ou da estrañeza. Agás no traballo, non é necesario dicir sempre toda a verdade. Quedamos, daquela, en que os meus pais van vellos.

Un xeito menos estridente de pasar de Oriente a Occidente é voar desde Beirut facendo escala en Istanbul. Foi case sempre a primeira opción durante os últimos anos cando quería visitar familia ou amigos. Parecíame que deste xeito podía ir esfumando os contrastes a un ritmo máis axeitado para aclimatarme a cada realidade. Hoxe, pola contra, fágoo pasando por Francia para evitar unha despedida definitiva. Considero importante lembrarme que desta volta é diferente, mentirme e finxir que, malia que volva, deixo cousas pendentes, malia que sexan tan mínimas coma as malditas migallas de Hänsel e Gretel.

En París o aeroporto respira a orde anódina do vello continente. Beirut queda xa lonxe de máis para converter esta escala nun ensaio xeral: peitearme e maquillarme un pouco para que pareza que os estragos do rostro reflecten só o cansazo do traslado, das semanas que levo pechando temas, facendo caixas físicas e mentais. A terminal acóllenos a todos os que estamos de paso co espírito inconfundible dos espazos que non dormen nunca. Os pasaxeiros convértense en figuras trémulas diante das grandes fiestras quentadas polo sol. Homes e mulleres anónimos arrastran maletas, buscan as portas de embarque, comprobán pasaportes. Algúns viaxan unidos polo tedio e outros con ilusións recién estreadas; hai solitarios incorrixibles e traballadores que pasan ás présas, que perden voos e chegan tarde a congresos que se celebran ao outro lado do planeta. As gravatas tortas, as

engurras na roupa e as ombreiras fóra de sitio. As fortalezas e as debilidades en tránsito, todos encamiñados cara a algún destino nesta encrucillada de relacións humanas, e as cintas transportadoras que sempre, sempre, teñen claro onde van.

A terminal coma o camerino onde retocarme antes de subir ao escenario de aquí a unhas horas e interpretar a comedia afeccionada que sinto que será a miña vida a partir de agora. Pero non retocarei nada, non o farei. Estou demasiado cansa e desta vez viaxo de mala gana. Ademais, para min os aeroportos foron sempre o campo base onde nunca me foi necesario finxir nada. Sonlles fiel a poucos recunchos, pero sonlles fiel aos aeroportos. Adáptome sempre coma unha luva. Avéñome ás esperas eternas, aos cambios de tempo dramáticos, ás equipaxes perdidas. Todo o que son inconvenientes aos ollos do mundo, se non vou con présa detrás dunha noticia, recíboo como unha boa escusa para botar máis tempo nesta casa de acollida, de lanzadeira cara ao que é descoñecido ou pouco coñecido, cara aos inicios ou cara aos finais.

O azar quixo que os altofalantes da terminal chamen por uns pasaxeiros que deberían estar a embarcar nun voo con destino Roma. A alusión italiana provócame unha aguilloada de emoción. «Piemontesa, di Torino», presentáche a primeira vez. Irremediabilmente xa volves estar dentro de min, aflorando uns sentimentos que me reducen a unha adolescente que non obedece freo ningún. Unha morea de serpes revoltosas faima mover os pés, nerviosa, mentres sento no alto dun tallo da barra da cafetería. Miro para o camareiro. A tendencia a ver as cousas desde o punto de vista da miña profesión e a miña cabeza adestrada para empezar conversas con descoñecidos fai

que non poida reprimir a inercia de preguntarlle se é de París, se nota máis actividade no aeroporto agora que se achegan as festas. Contesta tímido, un pouco sorprendido de que alguén lle fale e non sexa para satisfacer a súa fame ou a súa sede. Despois imploro coa mirada para que me dea a oportunidade de explicarlle algo, pero non o consigo. El executa o traballo con dilixencia. Os movementos dos brazos ao carón da máquina de café son extraordinarios. Podería dirixir unha orquestra, penso. Leva as mangas da camisa refucidas e un trapo de cociña ligado ao cinto do mandil, e o dinamismo que desprega mentres prepara as comandas queda sostido por uns segundos cando coloca a cunca branca sobre o pratiño diante de min. Mírame e sorrí. Razoar con descoñecidos sempre me acouga, pero el non parece advertir que a xornalista está perdida, que non atopa as palabras, o xeito. Esta mañá na ducha aínda cismaba no plan: se preguntan non dirás nada desta traxicomedia anímica, non dirás tampouco que sentes que de súpeto che custa escribir sobre o medo, analizar a guerra, atopar as palabras que conmoven. Os meus pais van vellos. Grávaeo a lume se é necesario. Aquí non preguntan nunca nada, como moito se queres azucre no café. Podería paralo todo aquí, entón. Paralo todo agora, neste punto. Quedar nun non-lugar ou voar cara a outro destino, reinventarme, comezar de novo, pero despois de todo, non é iso o que estiven a facer durante toda a miña vida? «No, sans sucre, merci». Cos ollos chantados no café intento animarme a min mesma dicíndome que me agarda un futuro por estrear, intento insuflarme emoción, un alento de espírito pioneiro, pero é unha moto que non consigo venderme nin a min mesma, máis ben estremezo ao pensar que todo o que

deixo atrás caerá silenciosamente no pozo do pasado. Hai, abofé, unha familia que me agarda, e tamén o asunto do novo traballo, os amigos, pero cando penso en todo isto só sinto un triste conforto.

Debería comezar a enviar mensaxes para anunciar que xa estou en Europa. Fago un intento por abrir o WhatsApp e saudar a miña nai cun: «Marhaba habibti, estou en París, xa case estou aí», pero xa non ten sentido. As linguas son a alma dos lugares e o seu son a estrutura sobre a cal transcorre a vida. Durante os últimos anos adornei a comunicación coas persoas deste lado do Mediterráneo con toques de árabe, pequenos sinais para non ter que explicar que un pouco xa lle pertencía a aquel lugar, que quería pertencer, que lles enviaba mostras do léxico local como agasallos de Oriente Medio. Era un intento de compartir o que amaba: o lugar, a xente, os seus costumes. Establecín unha relación íntima entre as palabras e o xeito en que percibo o mundo. Canto amor en cada grafía. Se o soubesen. Se puidesen sentilo como eu o sentín. O árabe. Tamén iso terás que ir gardándoo nalgún lugar. Primeiro foi o meu nome de dereita a esquerda, coa inesgotable plasticidade da caligrafía preciosa, coma cabelos de criatura, negros, finos e rizados. De dereita a esquerda. Parecía estraño até que foi normal. Sempre é así. Todo é novo até que deixa de selo. Quen eras antes de marchar? Aquí irás de esquerda a dereita. As cintas transportadoras. Só tes que seguilas. Dá a volta. Comeza por aceptar que foi máis doado marchar ca volver.

É difícil crer que na fugacidade do voo as cousas cambiarán para sempre. Non quero atordar con esta idea. Non admitirei que volvo até que o avión deixe unha cicatriz ben grande escrita no ceo. Veña, vai, déixao correr, o último que che falta é adoptar pose de poeta. É de-

masiado tarde para convertelo na metáfora de algo. Podería mirar atrás e parecería que vivín moi intensamente. Xustificaría dalgún xeito que á miña idade volva á casa dos meus pais, que xa estea en París ensinando o pasaporte na porta de embarque. Pero non hai nin marcha atrás e moito menos poesía. A única cousa que hai é incredulidade e un nó no estómago. É o concepto da casa en si. Faise raro volver alí, sobre todo con esta sensación de non ter estado alí nunca. De lonxe, a idea de casa pode parecer unha unidade clara, pero a medida que me aproximo síntoa como un lugar onde pasar contos comigo mesma. Até hai unhas horas a miña casa era o piso no barrio de Hamra onde vivín todos estes anos. A miña casa era Beirut, o recendo do *z'atar* fuxindo da tenda de especias que hai tres rúas máis arriba, a decadencia urbana nas súas tonalidades grises e, con todo, un estoupido de cor, de súpeto, sempre a sorpresa da cor e a vivacidade nun patio, nunha nova cafetaría, nun sorriso amigo. De onde veu o impulso? A determinación de deixar Beirut, de deixar o traballo, os amigos, de deixala escapar antes a ela, tamén. Non tiña claro ningún argumento e, de feito, só existía o sentimento de acabar de espremer unha etapa, de querer ser sensata e recoñecer o cansazo en voz alta, unha incomodidade co xeito de exercer o xornalismo e comigo mesma, incapaz de pór orde, de entenderme, pero era necesario volver? Refago os discursos que estiven a dedicarme estas últimas semanas e xa non me parecen tan convincentes, é coma se, de súpeto, agora mesmo, na procura do asento 14B dun avión que me levará a Barcelona, todo iso que me repetín fose froito da embriaguez e estivese a pagar o prezo dunha resaca sen precedentes.

Énchese todo co ruído das turbinas e do tren de aterraxe. O avión preparándose, multiplicándose, facéndoo todo máis aparatoso do que eu quería. Ao meu carón, un señor corpulento que non deixa de bufar, quere cambiarlle o asento a unha moza da outra ringleira para poder sentar á beira da súa muller. Sen ningún respecto ocupa todo o meu espazo, incluso o vital. Toma o aire que me corresponde ignorando que se volvo á casa para quedar alí serei un peixe fóra da auga e que xa comecei a afogar. Pídello con insistencia: «My wife». Sinala unha señora vella e moi maquillada uns asentos máis alá, e despois dá uns golpiños no seu propio peito. «She and I. Sit together». O inglés simple e funcional que emprega non conecta con ningunha paisaxe real. Intervén a azafata, pulcra e severa e, finalmente, a moza accede, resignada, malia que xa se acomodara e tiña varias revistas espalladas por riba da bandexa. O home érguese e tira co meu bolso ao chan. Non se desculpa e non podo evitar a visión do seu bandullo peludo cando ergue os brazos para coller algo de dentro do portaequipaxes. É a vez da rapaza, agora, que cargada cunha bolsa de man, auriculares sen fíos e a morea de revistas dispónse a instalarse ao meu carón. Teño que recoller as pernas e apertar os xeonllos para que ela poida acceder á xanela. Dáme as grazas cun francés que si que conecta con todo un mundo vello e canso. O espazo reducido, a incomodidade e unha lixeira suor do home saíndo obríganme a pechar os ollos un momento. Cando a rapaza senta, por fin, o meu bolso volve caer ao chan e de dentro saen o meu caderno de notas e o teléfono móbil, que quedan debaixo do asento dianteiro. «Pardon», descúlpase. Saco un sorriso da manga. Hai unha mensaxe e é túa. Agardeina tanto, imaxineina

tanto, que son quen de identificar o teu nome malia que sexa de esguello e medio ás escuras sobre o chan dun avión de Air France, pero intento que «Valeria» a miles de quilómetros xa sexa outro nome, un que non conteña o alcance dos días compartidos. Fracaso no primeiro intento. Marea un pouco recoller do chan cada letra italiana e pór o modo avión coma un escudo, deixar a mensaxe sen ler. Cando deixas de crer no amor, o desamor é unha sorpresa completamente inesperada.

Miro para a francesa de esguello. Personalizou o espazo coas súas pertenzas e parece absorta dentro dun universo de serenidade. Eu síntome acurrada no asento e paso as follas do xornal con certa dificultade de movementos. En referencia á canción *Faith Healer*, di a cantante Julien Baker nunha entrevista: «Decateime, mentres seguía escribindo esta canción, que non só nos automedicamos co alcol e as drogas, facémolo tamén coas relacións, con ideoloxías políticas fanáticas, con enchentes de programas de televisión e co illamento». Recorto coas mans o anaco de xornal con este fragmento onde explica que hai moitos xeitos de sentirse mellor malia que as decisións sexan prexudiciais. Gárdoo no peto. É isto, penso. Illarme. Separarme de todo e de todos durante unha boa tempada.

Cando o avión por fin engala comeza a caer unha fina choiva sobre París que salpica a xanela cunha inquedaanza de pingas horizontais. A cidade afástase a través dun ceo apagado. Teño a esperanza de que á vista de paxaro verei o mundo simplificado e delineado. Sempre me provoca un efecto anestésico que todo alá abaixo se converta nun esquema simple, nunha secuencia da liñas e volumes que me fai pensar que as cousas poden ser ordenadas, que podoo conseguir que funcionen e fa-

celas comprensibles, pero hoxe as nubes case non me deixan distinguir o ceo da terra. Volve a sensación de engano voluntario, de ser só unha sombra de quen era a última vez que estiven aquí.

Eu tiña unha vida áxil, vivía con ganas de vivir, algo que nunca me pareceu pouco, e de súpeto son o ser máis semellante ao triángulo das Bermudas: unha anomalía magnética que atrapa todo tipo de erros. Lembra: os meus pais van vellos.